

nos aportan con lucidez estes dous profesores da Universidade de Valencia. Neste caso, as Cooperativas de Ensino, sosteñen a autora e o autor da achega, foron instrumentos fundamentais para a recuperación da escola democrática e valenciana. O libro estuda os inicios, as bases ideolóxicas e as prácticas pedagóxicas, de varias experiencias pioneiras de educación infantil e primaria (Tramuntana, que quixo constituirse como tal xa en 1968, Mistral, La Masia, La Nostra Escola Comarcal, L'Escola Gavina, Les Carolines), como tamén das menos coñecidas de formación profesional agraria, das que en Galicia tamén se contaron medida ducia de escolas.

Os autores poñen de relevo as conexións existentes entre esta creación de escolas e previas experiencias socio-culturais dos seus iniciadores, a través das aprendizaxes realizadas cabo da sociedade valencianista *Lo Rat Penat* (de onde tamén nacerá o núcleo valenciano de pedagogía Freinet), no mundo da acción rural, en contacto coa Xuventude Rural de Acción Católica, e no cooperativismo social, que neste caso partían das propostas e premisas do modelo vasco de Mondragón. Así mesmo, o relato que se constrúe arredor de cada unha das experiencias pioneiras analizadas, incluídas as focalizadas como escolas de formación profesional agraria, pon de manifesto a importante implicación de todas elas en canto á construción da nova escola democrática, participativa, coeducativa, activa, laica, cultural e lingüísticamente normalizadora, con acentos pedagóxico-didácticos e psicolóxicos relacionados con Freinet, con Paulo Freire, con Summerhill, con Decroly, con Makarenko, e con Milani,...ao punto de compoñer unha paisaxe de necesaria toma en considera-

ción para recoñecer a recenté historia pedagóxica valenciana.

Antón Costa Rico

JULIA VARELA, *Mujeres con voz propia. Carmen Baroja y Nessi, Zenobia Campubrí Aymar y María Teresa León Goyri. Análisis sociológico de la autobiografía de tres mujeres de la burguesía liberal española. Madrid. Morata. Colección Raíces da memoria, 2011*

Cales son as condicións sociais e políticas que lles facilitan ás mulleres conseguir un maior grao de liberdade e autonomía? Cales son os facilitadores de ruptura cunha tradición antifeminista?

Renunciando a respostas preestablecidas, buscando novas preguntas e reclamando a historia para pensar o presente, Julia Varela escribe unha obra imprescindible, dura e ilusionante, optando nesta ocasión por combinar experiencias de vida coa historia social, dando un rodeo polo escritos autobiográficos de tres mulleres da burguesía española que viviron con intensidade unha boa parte da historia do século XX.

Non sorprende xa a agudeza dos interrogantes e o rigor metodolóxico, que non neutralidade, característico de todos os seus traballos. Lonxe de limitarse a dar voz, a selección que fai dos escritos autobiográficos sobre da vida cotiá, o traballo intelectual e as relacións sociais destas tres mulleres, constitúen unha valiosa fonte de información sobre das desiguais relacións de poder entre os sexos e entre as clases, sobre da dominación masculina e tamén sobre da loita das propias mulleres para

romper en todo ou en parte algún dos mandatos de xénero que lles foron impostos, e que a autora ten conceptualizado como *dispositivos de feminización* (1997 a, 1997 b).

Nun contexto histórico onde non corrían ventos favorables para a emancipación das mulleres, nin sequera nas familias liberais e cultas, Julia vai busca e atopa moitas mulleres que promoven cambios sociais, que contribúen a conquistar para elas e, polo tanto, para o social no seu conxunto, maior grao de liberdade; mulleres inconformistas que desde a filosofía, a arte, a educación, a literatura, deciden loitar pola formación dunha sociedade diferente, resistir contra a discriminación, e promover a súa incorporación á educación universitaria, ao traballo, e á vida pública democrática: Mulleres feministas, de entender os feminismos como accións antisexistas que buscan a igualdade con independencia de sexo.

Para elaborar a resposta das preguntas formuladas, comeza a autora por considerar o peso que tiveron na vida das protagonistas as dúas principais institucións de socialización primaria, a familia e a escola, institucións básicas á vez para a produción e para a reprodución social e cultural das relacións de poder que existían na sociedade española nese momento e que poñen de manifesto a falta do funcionamento democrático nas institucións da España de finais do XIX e principios do XX.

Trata a continuación os noivados, os matrimonios e as relacións das protagonistas co mundo do traballo. Na época da Restauración empezaba a estenderse en determinados círculos sociais unha nova concepción da muller que chocaba frontalmente coa definida polo Código civil

de 1889, que lles impoñía ás mulleres un estatuto de minoría de idade, ao vincular a capacidade de autonomía xurídica ao sexo do varón e ao estado civil do cabeza de familia. Foi a Constitución de 1931, aprobada durante a Segunda República, a que estableceu a igualdade xurídica entre mulleres e homes.

As protagonistas desta historia do presente –que é tamén a nosa historia–, loitaron para conquistar maiores cotas de liberdade e autonomía, que en parte lograron cando foron adultas, se ben non romperon totalmente coa forza conxunta exercida pola educación e o costume, pois a socialización dos primeiros anos contribuíu a que as súas vidas estivesen orientadas ao coidado dos demais, en detrimento do seu propio desenvolvemento persoal e profesional. Relacionar os modos de educación (no seu senso máis amplo) coas posibilidades de “ser”, isto é, o seu papel na configuración das identidades, é sen dúbida unha das grandes achegas desta investigación.

Nun contexto en que a educación recibida, as crenzas relixiosas e a presión social e familiar facían do matrimonio o único e principal oficio das mulleres, non aceptaron o estatuto asignado ás rapazas burguesas da súa época, a imaxe de marca da feminidade propia das clases medias españolas, vinculada ao espazo íntimo do matrimonio, á familia, e aos valores relixiosos, e buscaron novos referentes coa música, a literatura, con certo laicismo, espazos educadores que entraban en conflito co sistema de vida herdada. A forza dese novo capital social relacional, e máis concretamente a dos movementos de mulleres que loitaban pola democracia e a xustiza, é un dos factores que contribúe á ruptura da

tradición antifeminista e será o asunto que trate a profesora no terceiro capítulo.

O contacto coa arte da vangarda permitiulles a moitas mulleres cuestionar o valor da moral recibida dos seus pais, unha moral católica, puritana e tradicional ao servizo da perpetuación da orde instituída. Julia Varela descóbreaas nos círculos sociais e nas asociación de mulleres da súa xeración que sentían como elas a necesidade de distanciarse da vida anterior e de emanciparse. As tres estiveron vinculadas á Residencia de Señoritas, ás mulleres do *Lyceum Club* e sentimos o influxo que exerceron outras mulleres nas súas vidas, empezando polas da propia familia, polas amigas máis próximas, e por mulleres coas que colaboraron en diversas actividades.

Como as mulleres do grupo de Bloomsbury, loitaron por alcanzar unha autonomía persoal e profesional, a través do traballo e das asociación de mulleres, pero a pesar dos seus esforzos por buscar un espazo propio, víronse en parte invisibilizadas. En primeiro lugar polos ilustres varóns do seu contorno que non son cómplices dos seus proxectos de emancipación e en segundo lugar pola volta da domesticación e submisión das mulleres que supuxo o triunfo do nacional-catolicismo e do fascismo.

Desde posicións ideolóxicas distintas, coincidiron en promover os dereitos das mulleres e condenar os horrores da guerra, polo que a autora considera relevante recorrer ás vidas das protagonistas durante República e a Guerra Civil, de que se ocupará no cuarto capítulo, e no exilio e a posguerra durante o franquismo, que son tratados no capítulo quinto. Vai ás raíces desta parte da memoria histórica, dolorosa e cruel, composta de vidas rotas, pero exercicio funda-

mental para a reconciliación, e tamén un acto de xustiza.

Logo da Segunda República, que abriu unha época de cambios e de grandes esperanzas para as mulleres, a guerra truncou as súas vidas, segou as súas ansias e a súa necesidade de crecer máis libres, condenounas ao exilio e, sobre de todo, a un exilio interior convertido en refuxio que as obrigou a escribir sobre das súas propias vidas. As “nosas” tres protagonistas (entendo que xa non son só de quen nolas presentou) compartiron unha común oposición á guerra, un compromiso activo destinado a dar e a procurar axuda para os que máis sufrían, e tamén un distanciamento do fundamentalismo relixioso que contribuíu a alimentar a traxedia. Desde posicións ideolóxicas distintas, coincidiron en promover os dereitos das mulleres e condenar os horrores da guerra, ao facelo non só dignificaron o valor da vida humana, inscribiron tamén o pacifismo, a loita contra a pena de morte e contra a guerra no corazón mesmo dun programa feminista consecuente.

Pechan esta investigación sociohistórica os lugares e os obxectos da memoria que se entrecruzan co espazo público e o espazo doméstico. Julia Varela pon en valor os relatos en que se describen as casas, onde buscaban un espazo propio para poder estar, traballar e sentirse a gusto soas, pero carentes desa *habitación propia*, optaron polo espazo da memoria: a lectura e a escritura como refuxio e vía de escape.

Carmen Baroja y Nessi, Zenobia Camprubí Aymar e María Teresa León Goyri (Julia parece reclamar os nomes completos) non se pecharon nas casas. As tres pertenceron a unha fracción ascendente

da clase media, movéronse en círculos literarios de poetas e novelistas, foron lectoras empedernidas e as tres escribiron e nos legaron as súas vivencias. Foron amantes das novelas, do teatro, da música, da pintura, da poesía... O peso que nas súas autobiografías teñen os sentimentos está mediatizado por unha ética persoal esixente, pero no caso das protagonistas, esa dimensión emocional das súas vidas, lonxe de estar nutrida de romanticismo que lles impide enfrontarse cunha certa obxectividade as problemas do mundo real, nelas os sentimentos non só estiveron reequilibrados por esa ética persoal, senón tamén por unha forte capacidade de reflexión, e polo predominio do nós sobre o eu.

Estas mulleres contribuíron a expresar cos seus xestos, cos seus actos, a través dos encontros nas casas, nos clubs, nos cafés que *O persoal é político*, velaí o fío co que Julia Varela une os diarios, os escritos, as memorias das tres protagonistas que, a modo de círculos concéntricos –estratexia complexa que domina á perfección– se van superpoñendo, matizándose, complementándose, discrepando, ata chegar a ver a transformación da ética persoal en moral pública.

Alén do dito, outra das contribucións desta investigación é a reconceptualización que propón Julia Varela sobre da ética do coidado que renomea baixo a rúbrica de *capital altruísta*, e que define como “capital socialmente desvalorizado se se pensa en termos de racionalidade abstracta ou de racionalidade científica, pero fundamental para a calidade de vida e a riqueza das relacións sociais. Este capital minusvalorado, relegado fronte ao capital económico, foi en gran medida o principal capital permitido ou tolerado nos últimos séculos

ás mulleres. Este tipo de capital atoparíase moi afastado do modelo que representa o *homo economicus*. O capital altruísta podería ser entendido como o sentido, a sensibilidade, o afecto, que os suxeitos confiren aos seus actos, e ás relacións sociais. Este capital minusvalorado, relegado fronte ao capital económico, foi en gran medida o principal capital permitido ou tolerado nos últimos séculos ás mulleres”

É moi oportuna esta análise, nun momento en que a forza da ideoloxía neoliberal conservadora reivindica o retorno á familia tradicional, enalzando a figura do pai como autoridade moral, económica e social. Contribúe a historizar, a encher de memoria histórica o feminismo, a desmentir a idea de que a igualdade é un asunto de moda, ou mesmo un invento actual. É unha obra para regalar ás avoas, mulleres que padeceron a guerra civil española, o exilio exterior e interior. É un convite ás novas xeracións para que contribúan a consolidar o conseguido e a ensanchar os marcos da igualdade.

É unha investigación imprescindible para profesionais que se interesen por estudos que combinen socioloxía histórica e historia social pois: “Unha vida humana é en boa parte o resultado das relacións sociais, e a análise desas redes son un desmentido do individualismo metodolóxico que parece impoñerse nas ciencias sociais”. Propoñeríaa de obrigada lectura para todas as persoas que desexen coñecer as raíces das desigualdades e poder así loitar en contra, tamén para quen opte por seguir visibilizando e estudando a contribución das mulleres a unha sociedade máis xusta, e do que Julia da algunhas pistas: Federica Montseny, Constanza de la Mora, Silvia Mistral, María de Maeztu, Mar-

garita Xirgu, Victoria Kent, Rosa Chacel, Matilde Huice, Isabel Oyorzábal, Concha Méndez, María Martos, María Zambrano, Clara Campoamor, Ernestina Chapourcín, Pilar de Zubiaurre, María Moliner, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, María Goyri, Soledad Gustavo, Teresa Claramunt, Carmen de Burgos...

Mulleres con voz propia, que se atreveron a dicir o que pensaban e a criticar o que vían e non lles gustaba, como a propia Julia Varela Fernández.

Nota: Neste libro Julia Varela lémbreme a Narciso de Gabriel con *Elisa e Marcela*. Julia Varela naceu no 42, viviu a posguerra en Galicia, manifesta que moitas mulleres da súa xeración “percorreron a cegas o camiño andado, ao descoñecer experiencias de emancipación que poderían ter servido como referente alternativo ao ‘deber ser’”. Propoñería para investigar a historia do seu presente a Narciso de Gabriel. É doado intuír que se tratasen xuntos esa aproximación xenealóxica que ambos dominan, contribuirían a desvelar e transformar algunhas das raíces das inxustizas do presente.

Ana Iglesias Galdo

VARELA OROL, C. (2012): *Crebas e naufraxios. A Biblioteca do Colexio de Fonseca nos séculos XVIII e XIX, A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 311 pp. ISBN: 978-84-9749-516-5.*

Analízase na presente investigación a historia da biblioteca do Colexio Maior de Alonso de Fonseca da Universidad de Santiago desde os inicios do século XVIII, cando aínda era a (única) Biblioteca da

Universidade (no mesmo século, en 1767, creárase a Real Biblioteca da Universidad destinada a tomar o relevo e a ter superior transcendencia) ata a desaparición do Colexio de Fonseca en 1840, no contexto do peche político-administrativo dos Colexios universitarios en toda España. Momento de ruptura, de creba, e de naufraxio.

A súa autora, Concha Orol, quen xa realizara un valioso estudo anterior sobre a Real Biblioteca, que en Santiago chegaba en 1821 aos 8000 títulos e aos 20.000 volumes, examina no presente texto a moito máis limitada biblioteca de Fonseca, tratando de observar e de mostrar os seus procesos de constitución, instalación, e de composición, así como os seus ritmos de crecemento vs. de estabilidade, en relación co mesmo andar lento da Minerva Compostela, servíndose para iso, en particular, da toma en consideración das recomendacións bibliográficas desprendidas de diversas visitas reais, como a de 1713, e do estudo dos inventarios desta Biblioteca de Fonseca, un de 1786, e outro de 1843.

Di Pedro López, o prologuista desta monografía de investigación, que a autora realiza “un traballo de filigrana e de desencriptado” sobre estes dous inventarios, que ata o presente permanecían inexplorados: cómpre ser conscentes de que os datos bibliográficos que agora podemos ler de modo bastante nítido nos anexos documentais non figuran así nos manuscritos orixinais -onde, en troques, aparecen a miúdo como referencias imprecisas-, o que revela un destacado coñecemento en canto ao manexo de autores, edicións, lugares de edición, e temáticas, por parte da investigadora e documentalista.

Con todo iso, componse, como no caso da anterior análise da Real Biblioteca, unha